

INSTANCIA: PROCESO SELECTIVO PARA CREACIÓN DAS BRIGADAS MUNICIPAIS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

(Cubrir en maiúsculas todos os campos)

Datos do/a aspirante

D/D. ^a		DNI núm.
Enderezo para notificacións (rúa, núm., escaleira, piso, letra, parroquia)		
Concello e Provincia	Código Postal	Teléfono

EXPON:

Que desexa participar no proceso selectivo de:	<input type="checkbox"/> XEFE DE BRIGADA
--	--

Por ilo DECLARO:

- Que reúno os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.
- De conformidade co Decreto do 26 de xullo de 1957 polo que se regulan os traballos prohibidos os menores son maior de idade.
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.
- Que non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).

A tal fin, ACHEGO a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do documento identificador
- Fotocopia cotexada do carné de conducir
- Fotocopia da titulación que se esixen nas bases que regulan o citado proceso selectivo
- Copia cotexada do título do Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado
- Certificado médico de estar en condicións para executar as probas físicas desta selección, ou no seu defecto, unha declaración responsable nos termos do Anexo I
- Anexo III declaración responsable sobre a perda de puntos no carne de conducir das persoas aspirantes.

Outros documentos (deberá incluír aquí os xustificantes dos méritos alegados que desexa que se lle valoren segundo a base 5.2.):

Polo exposto, SOLICITO, previos os trámites oportunos, se me inclúa no mencionado proceso selectivo.

Rianxo, _____ de xullo de 2014

Sinatura do solicitante ou representante
(achégase autorización asinada ou poder notarial)

Regulación a ter en conta do proceso selectivo (o texto completo das bases atópanse a disposición dos aspirantes)**Sistema de selección** (segundo o punto 5 das bases):**5.1 Oposición** (Puntuación máxima: 40 puntos)

O apartado de oposición constará de dous exercicios:

1. Proba Física "Field Test": (puntuación máxima 20 puntos)

Consistirá na superación dunha proba física que consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 10 kg ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos e 0 segundos. Esta proba será única e común para tódalas categorías convocadas e os candidatos que non a superen serán excluídos do proceso selectivo.

Para a realización desta proba os candidatos deberán acudir provistos da súa propia mochila que será cargada e posteriormente pesada en presenza dos candidatos polos membros do tribunal ou técnicos que colaboren na súa realización.

Os candidatos que a superen acadaran unha puntuación adicional de acordo coa seguinte escala:

MULLERES		PUNTUACIÓN	HOMES	
TEMPO DE PROBA (MINUTOS)	DE SUPERACION DA		TEMPO DE PROBA (MINUTOS)	DE SUPERACION DA
	Menor ou igual a 30' e maior a 29	0 Puntos		Menor ou igual a 30 e maior a 28'30"
	Menor ou igual a 29 e maior a 28	5 Puntos		Menor ou igual a 28'30" e maior a 27
	Menor ou igual a 28' e maior a 27	10 Puntos		Menor ou igual a 27 e maior a 25'30"
	Menor ou igual a 27' e maior a 26	15 Puntos		Menor ou igual a 25'30" e maior a 24
	Menor ou igual a 26	20 Puntos		Menor ou igual a 24

2. Exercicio de coñecementos relacionados co posto (puntuación máxima 20 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista neste. A proba consistirá na realización dun cuestionario de 50 preguntas tipo test a realizar nun tempo máximo dunha hora, encamiñada a determinar o grao de coñecemento da xeografía do Concello de Rianxo, así como sobre outras materias relacionadas cas funcións a desenvolver, e será común para ámbalas dúas categorías de peóns. O exame tipo test terá tres alternativas de resposta das que só unha será considerada válida. Por cada catro respostas erradas descontarase unha correcta, non descontándose nada polas preguntas non respondidas.

5.2 Concurso (Puntuación máxima: 27 puntos):

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima non poderá superar o 40 % da puntuación total.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da publicación do anuncio da convocatoria.

Toda a documentación que o candidato pretenda que se lle tome en conta para o baremo de méritos terá que ser achegada durante o prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración a aportada con posterioridade ó remate do dito prazo, que será considerada como achega de nova documentación fora de prazo.

5.2.1.- Experiencia: (puntuación máxima 20 puntos)

A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de Vida laboral expedido pola Tesourería xeral da Seguridade social e ca fotocopia cotexada dos contratos de traballo.

No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 20 puntos, segundo o seguinte baremo:

1. Por cada mes completo de servizos prestados en tarefas de prevención e extinción de incendios en calquera Administración ou en empresas públicas dependentes destas:
 - a. Na categoría correspondente á que se opta: 1 punto.
 - b. En categorías distintas as que se opta: 0,5 puntos
2. Por cada mes completo de servizos prestados en tarefas de prevención e extinción de incendios en empresas privadas:
 - a. Na categoría correspondente á que se opta: 0,50 puntos.
 - b. En categorías distintas as que se opta: 0,25 puntos

5.2.2.- Cursos de formación relacionados coas funcións a desenvolver (puntuación máxima 5 puntos)

Este apartado acreditarase mediante fotocopia compulsada dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo Organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas:

1. Formación en materia de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora:
 - De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
 - De 61 a 100 horas: 0,50 puntos
 - Máis de 100 horas: 1 punto
2. Formación en materia de Prevención de Riscos Laborais:
 - De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
 - De 61 a 100 horas: 0,50 puntos
 - Máis de 100 horas: 1 punto
3. Cursos relacionados coa "Seguridade e Mantemento de Maquinaria Forestal" que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora:
 - De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
 - De 61 a 100 horas: 0,50 puntos
 - Máis de 100 horas: 1 punto
4. Curso de "Condición de Vehículos Todoterreo" cunha duración mínima de 30 horas, que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa:
 - De 30 a 60 horas: 0,25 puntos
 - De 61 a 100 horas: 0,50 puntos
 - Máis de 100 horas: 1 punto

5.2.3.- Coñecemento do galego: - Celga 4/super./equiv.: 0,50 p.**5.3 Situación socioeconómica** (Puntuación máxima: 1,5 puntos):Esta puntuación será o resultado da suma das puntuacións obtidas nos seguintes apartados, incluídos nunha declaración responsable que deberán asinar os/as candidatos, o día da realización da proba escrita:

a) Número de membros da unidade familiar: <ul style="list-style-type: none"> - ata 2 membros: 0 puntos - ata 3 membros: 0,10 puntos - ata 4 membros: 0,25 puntos - mais de 4 membros: 0,50 puntos - monoparental con 1 fillo: 0,25 puntos - monoparental con mais dun fillo: 0,50 puntos 	b) Nivel de protección por desemprego: <ul style="list-style-type: none"> - perceptor/a de subsidio de desemprego: 0,25 puntos - non perceptor/a de prestacións: 0,50 puntos
	c) Antigüidade como demandante de emprego: <ul style="list-style-type: none"> - de 6 a 12 meses: 0,25 puntos - mais de 12 meses: 0,50 puntos
d) Por ter recoñecida discapacidade igual ou superior ó 33% (que lle permita a realización dos traballos inherentes ó posto): 0,25 puntos	
e) Pola súa pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: 0,25 puntos.	

Información completa: pode obter a información completa do proceso na páxina web municipal www.concelloderianxo.es